



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Literatura e Xénero (Ámbito Galego-Portugués)	Código	613584118		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Híbrida				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es		
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Lema Paris, Ánxela	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es anxela.lema@udc.es		
Web	http://www.udc.es/filo/MLCD.html				
Descrición xeral	<p>Estudo da aplicabilidade do paradigma dos estudos de xénero á análise da sociedade e das súas manifestacións culturais e artísticas, en particular ao caso dos sistemas literarios galego e de lingua portuguesa.</p> <p>Na sección de contidos figuran os temas específicos que serán tratados na materia.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer, comprender e saber avaliar criticamente unha parte dos discursos teóricos que reflexionan sobre obras relevantes da literatura galega desde unha perspectiva de xénero.	AM1 AM2 AM4 AM5 AM6 AM8 AI1 AI2 AI3	BM1 BM3 BP1 BP2 BP3 BP4 BP5 BP7	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 C11
Incorporar a perspectiva de xénero e feminista aos estudos literarios	AM1 AM2 AM4 AM5 AM6 AM8 AM9 AP1 AI1 AI3	BP2 BP3 BP4 BP6 BI2	CM3 CM4 CM5 CM6 C11



Ser quen de desenvolver investigacións avanzadas na análise dos textos literarios, desde un enfoque orixinal e creativo	AM1 AM2 AM4 AM5 AM9 AP1 AI1 AI3	BM1 BP1 BP2 BP3 BP4 BP5 BP6 BP7 BI1 BI2 BI3	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 C11 C12
Desenvolver a capacidade de participar con precisión de pensamento e expresión (tanto oralmente como por escrito) nos debates propios destes estudos.	AM2 AM4 AM5 AM9 AP1 AI1 AI2 AI3	BM1 BM2 BP2 BP3 BP4 BP5 BP6 BP7 BI1 BI2 BI3	CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 C11 C12
Identificar e interpretar os novos marcos teóricos e conceptuais que intentan explicar a evolución da cultura contemporánea	AM1 AM2 AM6 AM7 AM8 AP1 AI2	BP1 BP2 BP3 BP4 BP5 BP6 BI1 BI2 BI3	CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 C11
Saber realizar unha análise crítica da literatura e os discursos como un medio de construción da feminidade e da masculinidade, así como dos roles e estereotipos de xénero asociados a estas identidades nas diferentes épocas.	AM1 AM2 AM3 AM4 AM5 AM6 AM8 AM9 AP1 AI1	BM1 BM2 BP1 BP2 BP3 BP4 BP5 BP6 BP7 BI1 BI2 BI3	CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 C11

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Sexo, xénero e texto	1.1. Autoría e sistema sexo-xénero 1.2. A escrita diversa na literatura galega



2. Poesía queer galega	2.1. Análise do canon literario na poesía galega contemporánea 2.2. Repensar o erotismo, o sexo e os afectos desde as non-monogamias feministas 2.3. Deconstrución da mononorma na poesía contemporánea
------------------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A2 A5 A6 A14 A7 A10 A8 B4 B5 B6 B7 B8 B12 B9 C1 C4 C7 C5	1	22	23
Sesión maxistral	A13 A1 A2 A6 A7 A10 A8 A9 B5 B6 B7 B8 B10 C3 C4 C7 C5	6	12	18
Traballos tutelados	A13 A1 A2 A3 A4 A5 A10 A8 A9 A12 B13 B4 B5 B6 B7 B14 B1 B8 B12 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C8	0	16	16
Obradoiro	A13 A2 A3 A4 A5 A10 A9 A12 B13 B5 B6 B7 B14 B1 B8 B9 B2 B10 B3 C2 C3 C4 C7 C5 C6	8	8	16
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas. Estas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do alumnado.
Sesión maxistral	Exposición da profesora co fin de introducir o contexto teórico e cultural do tema correspondente, así como os fundamentos teóricos e metodolóxicos da materia.
Traballos tutelados	Cada estudante terá que realizar un traballo final obrigatorio sobre algún aspecto relacionado co temario, que terá o formato dun breve ensaio e cuxo tema e orientación requirirán o visto e prace da profesora en sesións de seguimento.
Obradoiro	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistras coas sesións interactivas, nas que a participación do estudantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos. Todas elas terán como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente pola profesora.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	A profesora encargárase de recibir e asesorar o alumnado en todas as cuestións que lle formular; ao tempo tratará en todo momento lle facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese.
Traballos tutelados	
Lecturas	
Obradoiro	O alumnado de matrícula parcial e/ou con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas pola docente, e terá atención personalizada no horario de titorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A13 A1 A2 A3 A4 A5 A10 A8 A9 A12 B13 B4 B5 B6 B7 B14 B1 B8 B12 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C8	O traballo final obrigatorio consistirá na elaboración dun breve ensaio orixinal (ou, alternativamente, na exposición oral dese traballo) que versará sobre un aspecto relacionado cun punto do programa. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da investigación e a claridade expositiva e expresiva.	60
Lecturas	A1 A2 A5 A6 A14 A7 A10 A8 B4 B5 B6 B7 B8 B12 B9 C1 C4 C7 C5	As lecturas serán avaliadas a través dos comentarios e das intervencións do propio alumnado na aula e no encontro científico.	20
Obradoiro	A13 A2 A3 A4 A5 A10 A9 A12 B13 B5 B6 B7 B14 B1 B8 B9 B2 B10 B3 C2 C3 C4 C7 C5 C6	Valorarase a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan na aula: discusión dirixida, análise e comentario dos textos propostos, etc.	20

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); No caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobadado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

Na 2.^a oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro e participación en eventos científicos). Así, para superar a materia, terá que realizar unha "Proba mixta" para avaliar as lecturas (40%) e presentar o "Traballo tutelado" (60%).

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 40 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía, e un "Traballo tutelado" puntuábel nun 60% que deberá ser presentado no mesmo día do exame.

4. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsábel.

5. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita.

6. OUTRAS PRECISIÓNS

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias ou se detecte calquera tipo de uso fraudulento de recursos tecnolóxicos, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4). No xeral, a falta de honradez académica nunha proba conlevará a cualificación de 0 nesa convocatoria e, noutros traballos, a reprobación da actividade concreta.

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).



Bibliografía básica	<p>Bibliografía básica Amigo Ventureira, Ana (2022): Biciosas o la necesidad de queerizar lo queer (Madrid: Kaótica Libros). Foucault, Michel (1969): ¿Qu'est ce qu'un auteur?, Littoral, 9, 3-32 [En liña] https://es.scribd.com/document/217023840/Qu-Est-ce-Qu-Un-Auteur-Foucault [última consulta: 2/12/2019]. Nogueira, María Xesús (2020): ¿Outros desejos, outras palabras. A representación de identidades sexuais não-normativas na literatura galega contemporánea?. Daniel Amarelo ed. Nós xs inadaptaxs (Santiago de Compostela: Através Editora), 31-43. Pérez Fontdevila, A. (2019): «Qué es una autora o qué no es un autor», en Pérez Fontdevila, A. e Torras Francés, M. (eds.), ¿Qué es una autora? Encrucijadas entre género y autoría, 25-59, Barcelona: Icaria. Reimóndez, María (2018): ¿Silencios que non son: o contínuum lesbiano nas narradoras galegas?, en Boguszewicz, Maria / González, Ana Garrido / Vilavedra Fernández, Dolores, en Identidade(s) e xénero(s) na cultura galega: unha achega interdisciplinaria, 87-114 (Varsovia: Instituto de Estudos Ibéricos e Iberoamericanos da Universidade da Varsovia, Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia). VV.AA (2019): Bisexualidades feministas. Contra-relatos desde una disidencia situada (Buenos Aires: Madreselva Editorial). Vasallo, Brigitte (2018): Pensamiento monógamo, terror poliamoroso (Madrid: La Oveja Roja). Obras de lectura obrigada A profesora entregará, na aula e/ou a través da plataforma Moodle, unha selección de textos literarios e críticos que o alumnado deberá ler nos prazos estipulados.</p>
Bibliografía complementaria	<p>Bibliografía complementar Blanchot, Maurice (2002 [1955]): El espacio literario. Palant, V. e Jinkis, J. (trads.) (Madrid: Editora Nacional). Coll, Elisa (2020): Resistencia bisexual. Mapas para una disidencia habitable (Madrid: Melusina). Elpidio Domínguez Ruiz, Ignacio (2017): Bibofía. Etnografía de la bisexualidad en el activismo LGTB. (Barcelona-Madrid: Egales Editorial). Esteban, Mari Luz (2011): Crítica del pensamiento amoroso (Barcelona: Bellaterra). González Fernández, Helena (1998): ¿Ocupa-la palabra?, Madrygal. Revista de estudios gallegos, 1, 57-59. Hermo, Gonzalo (2013) ¿Rostros marondos ou sobre como reler a poesía erótica dos 90?, Proxecto derriba, 27 xuño [En liña] http://proxecto-derriba.org/rostrosmarondos-ou-sobre-como-reler-a-poesia-erotica-dos-90/ [última consulta 2/12/2019]. Hornscheidt, Lann (2022): Desamarnos o capitalismo. O amor como acción política. María Reimóndez (trad.) (Vigo: Catro Ventos Editora). Kamuf, P. (1999): «Escribir como mujer». Joysmith, C. (trad.). Fe, M. (coord.), Otramente: lectura y escritura feministas, 204-227, México: Fondo de Cultura Económica: Facultad de Filosofía y Letras de la UNAM. Lauretis, T. d. (2013 [1989]): «Tecnología del género». Bach, A. M. e Routlet, M. (trads.), Ca la dona, http://blogs.fad.unam.mx/asignatura/adriana_raggi/wp-content/uploads/2013/12/teconologias-del-genero-teresa-de-lauretis.pdf; Nunes Brións, Andrea; Lema París, Ánxela (2023): O cento voando. Amores, alianzas e non-monogamias (Vigo: Edicións Xerais de Galicia). Reisz, Susana (1996): ¿Escritura feminista? e estratexias de auto-representación?, Unión libre. Cadernos de vida e culturas, 1, 53-65. Romero, Marga (2005): ¿Poetizar o mundo como muller. Movemento poético da Festa da Palabra Silenciada: trece anos de poesía galega de mulleres?, Grial. Revista galega de cultura 165, pp. 691-716. Rosso, Nadia (2017): ¿Las raíces opresivas del amor, la transformación desde los afectos?, [En liña] https://www.academia.edu/31066850/Las_ra%C3%ADces_opresivas_del_amor_la_transformaci%C3%B3n_desde_lo_s_afectos [última consulta: 2/12/2019]. Rich, Adrienne (1996) [1980]: ¿Heterosexualidad obligatoria y existencia lesbiana?, Rivera Garretas, María-Milagros (trad.), DUODA. Revista d'estudis feministes, 10, 15-45. Rosso, Nadia (2009): ¿La monogamia como pre-definitoria del amor; el poli-amor como estrategia política? [En liña] https://archive.org/stream/LaMonogamiaComoPre-definitoriaDelAmorEIPoliamorComoEstrategia/EIPoli-amorComoEstrategiaPolitica#mode/2up [última consulta: 2/12/2019]. Suárez Briones, Beatriz (2011) [2005]: ¿Queerizando a autoridade: da morte do autor' á súa resurrección posmoderna?, en Casas, Arturo (coord.), Autor, autoridade, identidade(s). Grial, 165, 18-25. [En liña] http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/186 [última consulta: 2/12/2019]. Schweickart, Patrocinio P. (1999): ¿Leyendo(nos) nosotras mismas: hacía una teoría feminista de la lectura?, Lucotti, Claudia (trad.), en Fe, Marina (coord.), Otramente: lectura y escritura feministas, 112-151 (México: Fondo de Cultura Económica: Facultad de Filosofía y Letras de la UNAM). A profesora fornecerá ao longo do curso, a través da plataforma Moodle, material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada un dos temas obxecto de estudo nesta materia.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carne@udc.gal

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías